Ordes V, 2, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64

5. (10) 55) O cura que me casou-e (2) IV 760
tamén me pudo velar-e,
/:se me peta na cabeza
volvereim'a descasar-e:/

15. 56) O cura que me casou-e (2) IV 755
estaba tolo ou borracho
qu'inda non me preguntou-e
s'era femia ou era macho. /ai lala...
E vai de rondiña...

35. 57) ¿No te acuerdas que me has puesto (2)
tus manos junto a las mías
/:y me has dicho llorando
que jamás me olvidarías? :/

Ordes V, 2, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)
Marzal 1980
CD 13, 10

V,2,52. 58) Chamáchesme pera parda (2) V 245a
i eu a ti, mazán podrida,
/:i-a pera parda se come,
i a mazán podre se tira:/ VI 154

62. 59) Vai de rama en rama, (2)
vai de flor en flor,
e vai pola veira (volta) VI 280
un bo bailador. 4,4,1,2

75. 60) Rapaza, ti é-lo demo (5)
que me andas atentando,
paso ríos, paso fuentes,
siempre t'encontro lavando.

79. 61) Debaixo daquela pedra (5)
donde María lavaba, VI 2092
había un anillo d'ouro
nunha mazán colorada.

80. 62) Teño pena, teño pena, VI 801 (5)
pena por te ver penar-e
i a maior pena que teño:
de non che poder falar-e.

90. 63) O meu amor xa me dixo (5)
que nunca me olvidaría,
eu tamén lle dei palabra VI 587
para tod'á miña vida.

96. 64) Mi amor, me tiene dicho, (5)
mi amor, dicho me tiene,
mi amor, me tiene dicho
lo que a mí no me conviene.

106. 65) Cuando m'apret'ò zapato
eu ben o sei larghar-e, VI 242
como te supen querer
tamén te sei olvidar-e.

109. 66) Fixen unha cruz na porta
outra na folla do olmo
digoch'a ti queridiña,
qu'eu aquí nunca mais volvo. VI 855